



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2018-19

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Vivencias das mulleres sobreviventes da
violencia de xénero. Participación na
comunidade**

Uxía Sar López

Xuño de 2019

***“Que ninguén silencie a túa voz
gritando que non poden dicirche como de alto podes facelo”.***

SrtaBebi.

Directoras:

Nereida María Canosa Domínguez

Terapeuta Ocupacional pola Universidade da Coruña, profesora do grao en Terapia Ocupacional e vicedecana da Facultade de Ciencias da Saúde nesta mesma universidade.

Natalia Vázquez Pita

Terapeuta Ocupacional pola Universidade da Coruña. Directora dun recurso de atención a vítimas e sobreviventes de violencia de xénero.

ÍNDICE:

1. MARCO TEÓRICO	5
1.1 Xénero e violencia de xénero	5
1.2 Marco legal	7
1.3 Ciclo da violencia de xénero	9
1.4 Impacto da violencia de xénero nas vidas das sobreviventes.....	11
1.5 Xustificación e posicionamento da investigadora.....	14
2. OBXECTIVOS	16
3. METODOLOXÍA	16
3.1 Tipo de estudo	16
3.2 Ámbito de estudo	17
3.3 Entrada ao campo.....	17
3.4 Selección de informantes.....	17
3.5 Técnicas de recollida de información	18
3.6 Fases do traballo de investigación	19
3.7 Perfil das mulleres participantes	20
3.8 Análise da información.....	21
3.9 Consideracións éticas	22
4. RESULTADOS	23
5. DISCUSIÓN	37
6. CONCLUSIÓNS	41
7. AGRADECEMENTOS	42
8. BIBLIOGRAFÍA	43
9. APÉNDICES	51
<i>APÉNDICE I: Carta de presentación da investigación ao recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero.....</i>	51
<i>APÉNDICE II: Aceptación de colaboración co estudo de investigación desde o recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero</i>	52
<i>APÉNDICE III: Guión da entrevista ás participantes.....</i>	53
<i>APÉNDICE IV: Folla de información ás participantes</i>	54
<i>APÉNDICE V: Consentimento informado</i>	57
<i>APÉNDICE VI: Listado de abreviaturas</i>	58

RESUMO

Título:

“Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade”.

Introdución: A violencia de xénero é a manifestación máis radical da desigualdade de xénero e dominación masculina. Existe evidencia científica que mostra que esta violencia ten consecuencias na saúde das sobreviventes, o cal pode afectarlles no seu día a día.

Obxectivo: O obxectivo principal deste traballo é acercarse ás vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero e coñecer de que maneira inflúe esta na súa vida cotiá e na súa participación na comunidade.

Metodoloxía: Este traballo fundamentouse nunha metodoloxía cualitativa cun enfoque fenomenolóxico, xa que se describiu a realidade desde a perspectiva dun grupo de mulleres da comunidade galega. A recollida de información levouse a cabo a través de entrevistas semiestructuradas e mediante observacións recollidas en cadernos de campo.

Resultados: De todo o conxunto de datos emerxeron as seguintes categorías de significado que pretenden dar explicación ó fenómeno do estudo: *“sentimentos de medo”, “illamento”, “desmitificación do amor romántico”, “ruptura vital e saúde”, “apoio social”, “fillas e fillos como axentes de transformación”, “recursos” e “estigma da violencia de xénero na comunidade”.*

Conclusións: Tras a realización deste traballo, determínase que os efectos da violencia de xénero impactan nas vidas das mulleres sobreviventes e das súas fillas e fillos, afectando así as súas ocupacións e, máis concretamente, a súa participación na comunidade. A Terapia Ocupacional ten un papel moi importante neste ámbito mellorando o desempeño ocupacional das sobreviventes e das súas fillas e fillos, contribuíndo así a mellorar a súa saúde e participación.

Palabras clave: violencia de xénero, maltrato, Terapia Ocupacional, participación social, contorno, saúde.

RESUMEN

Título: *“Vivencias de las mujeres supervivientes de la violencia de género. Participación en la comunidad”.*

Introducción: La violencia de género es la manifestación más radical de la desigualdad de género y dominación masculina. Existe evidencia científica que muestra que esta violencia tiene consecuencias en la salud de las supervivientes, lo cual puede afectarles en su día a día.

Objetivo: El objetivo principal de este trabajo es acercarse a las vivencias de las mujeres víctimas y supervivientes de la violencia de género y conocer de que manera influye esta en su entorno y participación en la comunidad.

Metodología: Este trabajo se fundamentó en una metodología cualitativa con un enfoque fenomenológico, ya que se describió la realidad desde la perspectiva de las mujeres. La recogida de información se llevó a cabo a través de entrevistas semiestructuradas y mediante observaciones recogidas en cuadernos de campo.

Resultados: De todo el conjunto de datos emergieron las siguientes categorías de significado que pretenden dar explicación al fenómeno de estudio: *“sentimientos de miedo”, “aislamiento”, “desmitificación del amor romántico”, “ruptura vital y salud”, “apoyo social”, “hijas e hijos como agentes de transformación”, “recursos” y “estigma de la violencia de género en la comunidad”.*

Conclusiones: Tras la realización de este trabajo, se determina que los efectos de la violencia de género impactan en las vidas de las mujeres supervivientes y en la de sus hijas e hijos, afectando así a sus ocupaciones y, más concretamente, a su participación en la comunidad. La Terapia Ocupacional tiene un papel muy importante en este ámbito mejorando el desempeño ocupacional de las supervivientes y el de sus hijas e hijos contribuyendo así a mejorar su salud y participación.

Palabras clave: violencia de género, maltrato, Terapia Ocupacional, participación social, entorno, salud.

SUMMARY:

Title: *“Women survivors experiences of gender violence. Participation in the community”.*

Introduction: Gender violence is the most radical manifestation of gender inequality and male domination. There is scientific evidence that shows this violence has consequences on survivors’ health, which can affect their daily routines.

Objective: The main objective of this dissertation is to approach the experiences of women survivors of gender violence and to know how it influences their daily life and their participation in the community.

Methodology: This dissertation is based on a qualitative methodology with a phenomenological approach, since reality was described from the perspective of a group of Galician community women. Data collection was carried out through semi-structured interviews and through observations collected in field notebooks.

Results: The following categories of meaning emerged from all the data which support and explain the phenomenon of the study: “feelings of fear”, “isolation”, “demystification of romantic love”, “vital rupture and health”, “social support”, “daughters and sons as agents of transformation” and “stigma of gender violence in the community”.

Conclusions: After doing this dissertation, it is determined that the effects of gender violence have an impact on women survivors’ lives and their daughters and sons, affecting their occupations and, more specifically, their participation in the community. Occupational Therapy has a very important role in this area, because improves the occupational performance of the survivors and their daughters and sons, contributing also to improve their health and participation.

Keywords: gender violence, abuse, Occupational Therapy, social participation, environment, health.

1. MARCO TEÓRICO

1.1 Xénero e violencia de xénero

“O xénero é un concepto construído socialmente, é a forma simbólica da diferenza sexual que culturalmente consiste nun conxunto de prácticas, ideas e discursos” (Lamas, 2013).

Astelarra (2004) establece que o sistema de xénero “fai referencia aos procesos e mecanismos sociais que regulan e organizan a sociedade, de modo que mulleres e homes sexan, actúen e se consideren diferentes, ao mesmo tempo que determinan que áreas sociais son competencia dun sexo e cales do outro”.

Polo que a perspectiva de xénero, segundo Testa e Spampinato (2010), non se asigna só ás persoas, senón tamén ás actividades que realizan e que representan sempre un conflito de intereses e relacións de poder entre mulleres e homes que non radica nas diferenzas anatómicas, senón nas desigualdades que as sociedades construíron a partir destas.

Agoff, Rajsbaum e Herrera (2006) destacan a violencia de xénero como «a manifestación máis radical da desigualdade de xénero e dominación masculina que se rexe por orientacións, valores e normas que establecen dereitos desiguais para a muller e o home».

A Organización de Nacións Unidas (ONU) fai referencia á violencia de xénero en 1980 como “o crime encuberto máis numeroso do mundo” (Larrain, 1994) e defínea en 1993 na *Declaración sobre a eliminación de la violencia contra la mujer* como “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción e a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada”.

Como se pode observar na *Táboa I*, o número de vítimas mortais e de denuncias nos últimos anos no noso país e na nosa comunidade autónoma pretende expresar a magnitude do problema.

Táboa I: Datos das vítimas mortais e das denuncias por violencia de xénero en España e Galicia. Extraídos do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade (2019).

Vítimas mortais	En España	En 2019*	24
		En 2018	47
		En 2017	51
		En 2016	49
	En Galicia	En 2019*	1
		En 2018	3
		En 2017	2
		En 2016	4
Denuncias	En España	En 2019	**
		En 2018	166 961
		En 2017	166 260
		En 2016	142 893
	En Galicia	En 2019	**
		En 2018	6537
		En 2017	6436
		En 2016	5683

*Datos actualizados do 11 de xuño do 2019.

**Estes datos non se poden indicar porque non están cerrados a día de hoxe.

A pesar disto, non se poden cuantificar os datos reais da comunidade. Isto é debido a que moitas das mulleres que sofren violencia de xénero non son sempre conscientes. Pola contra, algunhas si o recoñecen pero non interpoñen unha denuncia, por medo, por dependencia ou por calquera outra razón.

A todo isto, haille que sumar que, a nivel estatal, só aparecen recollidos os datos dos asasinatos cometidos por parte da parella ou ex-parella, tal e como reflicte a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Feito do que difire a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que na clasificación das tipoloxías de violencia ten en conta: na violencia física e psicolóxica, a homes do contorno familiar, social ou laboral da vítima e na violencia sexual, a homes que garden ou non relación conxugal de parella, afectiva ou de parentesco.

O que contempla un espectro máis amplo á hora de considerar un delito de violencia de xénero. (Boletín Oficial del Estado (BOE), 2007; BOE, 2004).

Polo tanto, pode afirmarse que as estatísticas das que se dispón non permiten cuantificar a magnitude do fenómeno do estudo.

1.2 Marco legal

No tocante á violencia de xénero, tal e como se menciona anteriormente, o marco legal estatal ten como referencia a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, mentres que a nivel autonómico a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A nivel nacional, o artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, define violencia de xénero como: “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada” (BOE, 2004).

Mentres que na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega é definida como “calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relación de dominación dos homes sobre as mulleres que teñan ou poidan ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal” (BOE, 2007).

O artigo 3 da citada Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece as seguintes formas de violencia de xénero:

- **“Violencia física:** inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller co resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente terán a consideración [...] os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral”.

- **“Violencia psicolóxica:** toda conduta verbal ou non verbal que produza na muller desvalorización ou sufrimento a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións no seu ámbito de liberdade exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente terán a consideración [...] os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral”.
- **“Violencia económica:** inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella”.
- **“Violencia sexual e abusos sexuais:** calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima”.
- **“Acoso sexual:** condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevalece dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou premio no ámbito desta”.
- **“Tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación”.**
- “Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres” (BOE, 2007).

1.3 Ciclo da violencia de xénero

Walker (2012), psicóloga americana, despois dunha longa investigación con mulleres vítimas de violencia de xénero, describiu o ciclo de violencia de xénero en 3 fases (**Figura 1**) :

- **Fase 1: etapa de aumento da tensión**

Ocorren incidentes de agresión menores. A muller cre que ten certo grao de control sobre el e intenta calmalo. Polo que, en certa medida, acepta os abusos e os escusa minimizando as agresións xa que sabe que poderían ser maiores. Eles temen que os poidan abandonar, polo que se volven máis opresores, celosos e posesivos e cren que a súa brutalidade as manterá prisioneiras.

- **Fase 2: incidente agudo de agresión**

É a fase máis grave. Caracterízase por unha descarga incontrolable das tensións que se viñeron acumulando na fase anterior. Cando describen estes incidentes agudos culpan á bebida ou ao exceso de traballo. A anticipación do que poida suceder causa tensión psicolóxica severa á muller. Esta está ansiosa, deprimida e quíxase doutros síntomas psicofisiolóxicos: insomnio, perda de apetito, fatiga constante, serias dores de cabeza, palpitacións do corazón, entre outros.

A maioría de mulleres agredidas non buscan axuda neste período a menos que estean tan gravemente feridas que requiran de atención médica.

- **Fase 3: “lúa de mel”, arrepentimento, amabilidade e comportamento cariñoso**

Caracterízase por un comportamento extremadamente cariñoso e de arrepentimento por parte do agresor que trata de compensar á vítima. O agresor, verdadeiramente cre que nunca máis lle fará dano, cre que se pode controlar por si só e tamén que lle ensinou á súa muller unha boa lección. Durante esta fase a muller ten de novo un soño orixinal do maravilloso que é o amor. Incluídas nas súplicas do agresor van ameazas de que lle destruirá a vida se ela non lle perdoa. As vítimas perciben desesperación e soidade.



Figura 1: Ciclo da violencia de xénero (adaptado de Walker, 2012).

Despois desta última fase, Walker (2012) sostén que se volve a iniciar un novo ciclo en que a primeira fase de acumulación de tensión se fai máis común, mentres que a terceira fase, a fase de arrepentimento, descende.

A propia autora afirma que a muller adopta unha actitude pasiva por medo e para evitar que se produza unha nova agresión, isto é o que se coñece como: “síndrome da muller maltratada”. Esta síndrome consiste nun patrón de signos e síntomas que se producen despois de que unha muller fose maltratada física, sexual e/ou psicolóxicamente, cando a súa parella exerce poder e control sobre ela, sen ter en conta os seus dereitos e sentimentos.

Nesta liña de investigación, López (2016) fai referencia a esta síndrome, destacando que a muller en situación de maltrato pode presentar repercusións na saúde, como episodios de ansiedade, mostrar unha conducta elusiva e/ou estancarse emocionalmente, illarse da familia e do resto da sociedade, ter problemas de imaxe, físicos, alimentarios e de índole sexual, entre outros. Isto vese traducido nunha **perda da capacidade de reposta e de actuación**, segundo esta mesma autora.

1.4 Impacto da violencia de xénero nas vidas das sobreviventes

Na primeira Conferencia Internacional sobre a Promoción da Saúde reunida en Ottawa o 21 de novembro do 1986 estableceuse que o concepto de saúde era a fonte de riqueza da vida cotiá. A promoción desta non pertencía exclusivamente ao sector sanitario e consistía en “proporcionarlles aos pobos os medios necesarios para mellorar a súa saúde e exercer un maior control sobre si mesma”. Os prerequisites necesarios que estableceu a Organización Mundial da Saúde (OMS) para alcanzar a saúde son: a paz, a educación, a vivenda, a alimentación, a renda, un ecosistema estable, a xustiza social e a equidade.

Tamén a ONU creou en 2015 un conxunto de obxectivos mundiais fixados para 2035, relacionados con desafíos ambientais, políticos e económicos; chamados todos eles Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), en que a igualdade de xénero pertence ao ODS 5: **“Poñer fin a todas as formas de discriminación contra as mulleres e nenas non é só un dereito humano básico, senón que ademais é crucial para acelerar o desenvolvemento sostible”**.

Segundo Rico (1996), consultora da Unidade Muller e Desenvolvemento da Comisión Económica para América Latina e o Caribe (CEPAL), “a violencia de xénero foi moi silenciada tanto pola sociedade como polas propias vítimas, debido, principalmente, a factores de orde ideolóxico-cultural que inflúen nas mulleres cando deben tomar unha decisión para enfrontar situacións de agresións e abusos”.

Agoff, Rajsbaum e Herrera (2006) resaltaron este illamento social como factor de risco asociado á violencia de xénero.

Esta situación, segundo Hobfoll (1986), vén dada polo estado de dependencia e control que xera o agresor sobre a vítima, experimentado por “unha carencia de apoio social, emocional, instrumental, así como dunha asistencia económica, legal e dun lugar onde refuxiarse”.

Esta violencia non só inhibe a participación das mulleres na toma de decisións no fogar, senón tamén no ámbito laboral, político, económico e social. É dicir, afecta a toda participación pública e, polo tanto, ao exercicio da cidadanía (Rico,1996).

Neste estudo, o concepto “**participación**” entenderase pola definición de Giménez (2002): “estar presente en, ser parte de, ser tomado en conta por e para, involucrarse, intervir en etc. Participar é influír, responsabilizarse [...]. A participación é un proceso que enlaza necesariamente os suxeitos e os grupos; a participación de alguén en algo, relaciona a ese un cos outros tamén involucrados. Ser participante implica ser coaxente, cooperante, coautor, corresponsable”.

Debido ao control e ao illamento da familia e das e dos amigas e amigos, as mulleres e as súas fillas e fillos vítimas de violencia de xénero encóntranse segundo Mullen, Martin, Anderson, Romans e Herbison (1993), nunha “situación de desvantaxe”. Esta situación afecta ao empoderamento das mulleres maltratadas e a súa autoestima, o cal se ve repercutido na **deterioración do seu desempeño ocupacional** (Gleason, 1993; Stark e Flitcraft, 1996).

As e os terapeutas ocupacionais colaboran coas persoas que están en situacións de vulnerabilidade e marxinalidade (Cage, 2007) e traballan para promover esta xustiza social e ocupacional, fomentando o dereito de participar de maneira significativa en ocupacións significativas. (Townsend e Wilcock, 2004; Cage, 2007).

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT, 2015) define a Terapia Ocupacional (TO) como “unha profesión centrada na persoa que promove a saúde e o benestar a través da ocupación. O obxectivo principal é o de permitir que as persoas participen nas actividades da vida cotiá.

As e os terapeutas ocupacionais logran este resultado ao traballar coas persoas e coas comunidades para mellorar a súa capacidade de se involucrar nas ocupacións que desexan, precisan ou se espera que fagan, ou modificando a ocupación ou o medio ambiente para apoiar mellor o seu compromiso ocupacional”.

Dentro da literatura científica, existen diversos estudos que abordan a violencia de xénero desde a perspectiva da TO. Gorde, Helfrich e Finlayson (2004) realizaron unha investigación en Chicago sobre a vida das mulleres sobreviventes e establecen que **esta violencia altera as distintas esferas vitais das mulleres.**

Murphy, Risley-Curtiss e Genders, (2004) resaltan os eidos psicolóxico e emocional, mentres que (Carpiano, 2002), a afectación do eido funcional como consecuencias do impacto da violencia de xénero nas vidas das mulleres.

Javaherian et al. (2015), expoñen que **os efectos da violencia de xénero son extensos e impactan nas vidas das sobreviventes e das súas fillas e dos seus fillos** afectándolles ás rutinas e roles diarios. E, como refire a mencionada Cage (2007), moitas das mulleres non teñen a oportunidade de elixir e participar libremente en ocupacións.

Outras investigacións de TO indican que as sobreviventes de violencia de xénero poden ter dificultades ao realizar as súas ocupacións: nas Actividades da Vida Diaria (AVD), no desempeño laboral, na participación educativa, na administración do fogar, na crianza dos fillos, na participación do tempo de lecer (Javaherian, Krabacher, Adriacco e German, 2009; Gorde et al. 2004) e na sexualidade (Twinley e Addidle, 2012).

Nesta mesma liña de estudo, Helfrich e Aviles (2001) sinalaron que despois da situación vivida de maltrato, moitas delas presentaban dificultades para a administración dos cartos, a crianza dos fillos, a xestión do fogar e o manexo do estrés. Tamén, Javaherian et al. (2015) encontraron que as sobreviventes tiñan **dificultades para encontrar un equilibrio saudable nas AVD**, no tempo para elas mesmas e na autoestima, o que impacta nos roles de coidado, no desempeño laboral e educativo e nas súas amizades.

É por isto que, tal e como afirma Testa e Sampinato (2010), “as ocupacións e o cotián poden ser, tanto o medio invisible, eficaz e sutil para reproducir as relacións establecidas, como o medio para desafiar os límites e incrementar e potenciar as liberdades”. É dicir, **as ocupacións poden ser o tanto o medio para romper co ciclo de violencia, como o medio para empoderar ás mulleres sobreviventes.**

1.5 Xustificación e posicionamento da investigadora

De acordo con Rico (1996), durante moito tempo a violencia de xénero considerábase un asunto privado que se debía exclusivamente a cuestións da relación de parella, por iso todas estas mulleres foron vítimas dunha cegueira social que se aferraba á incompreensión ou a súa negación.

Desde o ámbito de TO, concretamente no Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional citado por Simó e Urbanowski (2006) establécese que “todas as persoas son seres sociais e espirituais que posúen un potencial de cambio para tomar as súas propias decisións na vida”. É por iso que o campo da violencia de xénero desde a TO cobra cada día máis relevancia, a pesar de que se encontra aínda en recente desenvolvemento.

Ademais, na literatura científica, prestóuselles escasa atención ás vivencias e ocupacións das mulleres vítimas e sobreviventes da violencia de xénero, e máis concretamente, ao contorno e á súa participación na comunidade.

Por todo o anteriormente mencionado, considérase necesario profundar nestas vivencias e contribuír na visibilización do papel dunha ou dun terapeuta ocupacional no ámbito de violencia de xénero.

En canto ao posicionamento da investigadora, concretamente na linguaxe, utilizarase o termo vítima e sobrevivente, cada un para definir un estado vital distinto da muller.

Segundo Javaherian, Underwood e DeLany (2007) o termo vítima é en ocasións usado para describir ás persoas que están actualmente nunha relación abusiva, mentres que o termo sobrevivente é usado para describir as persoas que están actualmente nunha relación abusiva ou aquelas que superaron o abuso.

Este último concepto é visto como máis empoderador, denotando a gran forza e a coraxe necesarias para soportar e sobrevivir á violencia de xénero.

En canto ao marco legal, este estudo guiárase pola Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, debido a que recolle máis variables de violencia de xénero e non implica necesariamente que a muller e o home deban ter unha relación conxugal de parella, afectiva ou de parentesco.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral desta investigación é explorar de que maneira inflúe a violencia de xénero na participación e no contorno das mulleres sobreviventes deste tipo de violencia.

Obxectivos específicos:

- ⊗ Acercarse ás vivencias das mulleres vítimas e sobreviventes de violencia de xénero.
- ⊗ Coñecer como repercuten estas situacións de violencia nas súas vidas con posterioridade á ruptura do ciclo de violencia de xénero.
- ⊗ Indagar sobre o papel do contorno nestas situacións de violencia de xénero.
- ⊗ Realizar unha aproximación a intervención desde á Terapia Ocupacional no ámbito da violencia de xénero.

3. METODOLOXÍA

Neste estudo empregouse unha metodoloxía que se enmarca dentro da investigación cualitativa. Denzin e Lincoln (2012) establecen que este encadre implica, principalmente posicionarse ante un modo de entender a realidade obxecto de estudo desde un interese eminentemente interpretativo, centrado en “comprender os significados” e “debullar” os fenómenos que estamos estudando.

Así mesmo, autores como Martínez (2006), Stake (1998) ou Simons (2011) defenden a idoneidade da investigación cualitativa polo seu deseño flexible que lle permite á investigadora ou investigador reflexionar permanentemente sobre o proceso de investigación e formularse cuestións oportunas sobre el.

3.1 Tipo de estudo

Este estudo abórdouse desde un enfoque fenomenolóxico, xa que, seguindo a Wilding e Whiteford (2005), lle permite á investigadora explorar fenómenos difíciles de medir, como son as vivencias e realidades experimentadas polas propias mulleres sobreviventes da violencia de xénero.

3.2 Ámbito de estudo

O estudo levouse a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente nun recurso de atención a vítimas e sobreviventes de violencia de xénero.

3.3 Entrada ao campo

A entrada ao campo tivo lugar durante a realización das prácticas de 4º de TO, correspondentes á materia de Estancias Prácticas VII, mediante o contacto cunha terapeuta ocupacional que colabora cun recurso desta tipoloxía. Unha vez establecido este contacto, enviouse unha carta de presentación da investigación ao recurso (*APÉNDICE I*).

O recurso en cuestión encárgase da atención psicolóxica e xurídica das vítimas e sobreviventes da violencia de xénero de toda a comunidade galega, ademais de realizar outras funcións como a de sensibilización da poboación sobre esta problemática.

A titora das ditas prácticas, actuou como porteira, e permitiulle á investigadora entrar ao campo e acceder ás participantes que pasaron polo fenómeno de estudo. Todo isto previa aceptación de colaboración co estudo por parte do citado recurso (*APÉNDICE II*).

3.4 Selección de informantes

A través desta porteira, seleccionáronse 7 mulleres sobreviventes de violencia de xénero.

O tipo de mostra foi por mostraxe intencional teórico. Esta selección non aleatoria realizouse debido a que non é posible ter acceso a todos os casos dispoñibles. Cabe mencionar que, en coherencia coa metodoloxía empregada e debido á sensibilidade deste tema, primouse a calidade da información sobre a cantidade.

Nesta selección tivéronse en conta os seguintes criterios de inclusión e exclusión:

Criterios de inclusión:

- ⊗ Ser maior de idade.
- ⊗ Ser vítima ou sobrevivente de violencia de xénero seguindo os criterios da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ⊗ Acudir ao recurso de atención a vítimas e sobreviventes de violencia de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ⊗ Que transcorrera un mínimo de 6 meses desde a última situación de violencia de xénero.

Criterios de exclusión:

- ⊗ Que a persoa se encontre nunha situación moi delicada para facer fronte a este estudo.
- ⊗ Atoparse nunha situación de incapacidade legal.

3.5 Técnicas de recollida de información

A información foi recollida a través de entrevistas semiestruturadas e observacións rexistradas en cadernos de campo dos contactos que se mantiveron con elas.

⊗ Entrevista

A entrevista foi semiestruturada cun guión formado por 4 preguntas abertas que lle permitía ás mulleres expresarse con maior liberdade. A duración destas foi entre 20 e 60 minutos.

Esta entrevista estaba dividida en dous bloques. Un primeiro bloque centrado no día a día da muller despois das situacións de violencia de xénero e un segundo bloque referente as afectacións desta violencia nas súas vidas, e máis concretamente na súa participación na comunidade (*APÉNDICE III*).

Como instrumento de rexistro de datos utilizouse unha gravadora, xa que como afirma Kvale (2011) permite recoller con fidelidade todas as interaccións que se producen entre a entrevistadora e a entrevistada.

Neste sentido, Simons (2011) destaca que o uso da gravadora evita ter que o anotar todo, favorecendo así a relación coa entrevistada. Ademais asegura a precisión ao pasar a entrevista a limpo, o que contribúe á veracidade do informe.

Seguindo o proceso de validación de datos apuntado por Flick (2004) entregáronselles as transcricións das entrevistas ás entrevistadas co fin de realizar algunha modificación ou ampliación se así o consideraban.

Observacións

Bonilla e Rodríguez (1997) establecen que “observar implica focalizar a atención de maneira intencional sobre algúns segmentos da realidade que se estuda tratando de captar os seus elementos constitutivos e a maneira como interactúan entre si”.

A observación utilizada no traballo foi a observación participante na que se observan as mulleres ao mesmo tempo que se fai a entrevista. Nestas, realizáronse notas de campo detalladas que se anotaron nun caderno que Monistrol (2007) define como “instrumento de rexistro de datos onde se anotan as observacións dunha forma completa, precisa e detallada”.

Este caderno utilizouse para rexistrar todas aquelas impresións e observacións vividas desde que a muller chega ata que se despide, o que enriquecerá a análise da información.

3.6 Fases do traballo de investigación

Esta investigación tivo lugar entre os meses de novembro de 2018 e xuño de 2019 e seguíronse as fases que se expoñen a continuación na *Táboa II*.

Táboa II: Fases do traballo de investigación (elaboración propia)

FASES	MESES	INFORMACIÓN DETALLADA
Busca de evidencia científica	De novembro a febreiro	Busca nas bases de datos Lilacs, Scopus, e Dialnet. Ademais utilizáronse libros de referencia sobre o tema de estudo. En canto ao xestor bibliográfico, foi usada a aplicación Mendeley. As palabras clave utilizadas foron: violencia de xénero, maltrato, Terapia Ocupacional, participación social, contorno e saúde. Estes termos foron buscados en español e inglés.
Traballo de campo	De marzo a abril	Realización do guión da entrevista, contacto co recurso para concretar as citas coas mulleres participantes do estudo e realización de entrevistas.
Análise da información	De abril a maio	Análise dos datos obtidos, transcripción das entrevistas e triangulación dos datos coas titoras.
Resultados e discusión	De maio a xuño	Desenvolvemento dos resultados, da discusión e das conclusións da investigación.

3.7 Perfil das mulleres participantes

Luna, Vida, Rosa, Orquídea, Blanca, Margarita e **Panda** son os nomes decididos polas mulleres participantes do estudo para ser identificadas na investigación.

Estas sobreviventes pertencen tanto o ámbito rural como ao urbano. A continuación expóñense na *Táboa III*, máis detalladamente, os seus perfís.

Táboa III: Perfil das mulleres participantes (elaboración propia)

MULLERES PARTICIPANTES	PERFIL DAS PARTICIPANTES
Luna	<p>Idade: 23 anos</p> <p>Situación persoal: solteira</p> <p>Situación laboral: actualmente está cobrando a Renda Activa de Inserción (RAI)</p> <p>Sobrevivente de situacións de abusos sexuais</p>
Vida	<p>Idade: 44 anos</p> <p>Situación persoal: solteira e cunha filla</p> <p>Situación laboral: traballando nun obradoiro de emprego</p>
Rosa	<p>Idade: 27 anos</p> <p>Situación persoal: nai de 3 nenos e 1 nena</p> <p>Situación laboral: actualmente traballando</p>
Orquídea	<p>Idade: 40 anos</p> <p>Situación persoal: solteira e con 1 filla e 2 fillos</p> <p>Situación laboral: traballando nun obradoiro de emprego</p>
Blanca	<p>Idade: 40 anos</p> <p>Situación persoal: solteira e con 2 fillas e 1 fillo</p> <p>Situación laboral: desempregada</p>
Margarita	<p>Idade: 59 anos</p> <p>Situación persoal: solteira e cunha filla</p> <p>Situación laboral: actualmente traballando</p>
Panda	<p>Idade: 39 anos</p> <p>Situación persoal: solteira con 2 fillas</p> <p>Situación laboral: actualmente traballando</p>

3.8 Análise da información

Cada unha das entrevistas foi identificada cos nomes elixidos por cada unha delas (Luna, Vida, Rosa, Orquídea, Blanca, Margarita e Panda). A continuación, realizáronse as súas transcricións e seguidamente levouse a cabo a análise dos datos obtidos.

Como método de análise das entrevistas e das observacións realizouse unha triangulación, na que se utilizaron 3 observadoras, a investigadora principal e o equipo investigador.

Segundo Arias (2000) “ao triangular observadores elimínase a subxectividade potencial que provén dunha soa persoa e asegúrase unha confiabilidade nas observacións, xa que cada observador ten experiencias únicas co fenómeno observado”.

O enfoque utilizado foi o indutivo. Nas entrevistas produciuse unha construción dun relato biográfico, precisamente dos seus discursos foron emerxendo diversas categorías que foron analizadas do particular ao xeral. Este enfoque segundo Mallimaci e Giménez (2006) “interésase polas narracións que fan os individuos sobre os acontecementos vividos, resignificando o pasado desde o presente para proxectarse de cara ao futuro”.

3.9 Consideracións éticas

Para este estudo tivéronse en conta as seguintes consideracións éticas:

- ⊗ Código Ético de Terapia Ocupacional da Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT, 2016) que se rexe polos seguintes principios: autonomía e autodeterminación, non maleficiencia e máxima beneficiencia, honestidade, confidencialidade, fidelidade, solidariedade e dignidade.
- ⊗ Entregóuselles unha folla de información ás participantes sobre as características do estudo e da súa participación neste (APÉNDICE IV).
- ⊗ Todas as participantes firmaron a folla de consentimento informado onde consentiron participar de maneira voluntaria (APÉNDICE V).
- ⊗ Respectouse a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, para o tratamento, comunicación e cesión dos datos así como a confidencialidade. Para manter o anonimato das mulleres participantes do estudo asignóuselle un nome a cada unha que só fose recoñecido pola investigadora principal. Unha vez finalizada a análise da información destruíronse todos os datos obtidos previamente.

4. RESULTADOS

A continuación preséntanse os resultados da análise das entrevistas e do diario de campo que pretenden dar explicación ao fenómeno do estudo.

De todo o conxunto de datos emerxeron aspectos relacionados con 9 categorías de significado: “*sentimentos de medo*”, “*illamento*”, “*desmitificación do amor romántico*”, “*ruptura vital e saúde*”, “*apoio social*”, “*fillas e fillos como axentes de transformación*”, “*recursos*” e “*estigma da violencia de xénero na comunidade*”.

SENTIMENTOS DE MEDO

Ao longo das entrevistas, as mulleres refiren continuamente “sentimentos de medo”. O medo é unha das categorías máis relevantes, xa que moitas delas seguen vivindo con medo e inseguridade unha vez abandonan a relación. Este feito limítas á hora de realizar algunhas das actividades da súa vida cotiá.

As mulleres recollen diferentes tipos de medo. **Vida** e **Rosa** manifestan sentimentos de medo no que refire as súas ex-parellas, mesmo despois de abandonar o ciclo da violencia de xénero:

Vida: “Las secuelas no se pasan, [...], seguimos teniendo pesadillas, tenemos que dormir con la puerta cerrada porque lo vemos en la puerta”.

Rosa: “Aínda sigues con certos medos que non chos van a quitar, é decir, situacións como de ter que dormir con tixeiras e cousas así sí que están sacadas pero sí que está ese certo medo a que todo volva a empezar outra vez de novo en calqueira momento por parte da ex-parella”.

Ademais, o medo de saír á rúa era o tipo máis común que xurdía das súas entrevistas, en palabras de **Orquídea** e de **Rosa**:

Orquídea: “Cuando me empezaba a enfrentar lo que es el mundo, me daba miedo salir a la calle [...], cuando voy por la calle tengo que llevar algo siempre, siempre, siempre en la mano que me haga ruido”. “Mi refugio siempre era cada esquina que veía, a cada esquina que me iba yo... y allí me quedaba en la esquina, y se pasa muy mal también”.

Rosa: “Na casa no [...] pero sí que na calle..., en certos lugares hacia o público que nunca sabes con quen te vas a encontrar, ahí sí que é un pouco máis complicado”.

Feitos que tamén comparte **Blanca** que establece que afectaron no seu día a día:

“Ahora voy más pendiente [...], ahora cambias la ruta aunque no quieras...”.

O medo tamén se recolle nas sobreviventes referíndose á desconfianza cara a outras persoas a raíz destas vivencias de maltrato, tanto **Panda** como **Vida** sinalan:

Panda: “Me volví muy desconfiada, [...] tengo muchísimo miedo y ya no solo por mí, sino porque tengo dos niñas y tengo que pensar muy bien a quien meto en casa, [...] yo lo que quería era tranquilidad y tengo muchísimo miedo”.

Vida: “No me gusta la gente, [...] quizás he descubierto un grado de maldad excesiva”.

Ditos sentimentos fan emerxer nalgunhas mulleres a convicción de non recuperar en ningún caso as relacións interpersoais no que refire á parella, como así o menciona **Blanca**:

“Yo creo que me sobra la gente”. “No te fías de nadie, yo no volví a tener pareja [...], te cambia todo, te cambia el mundo te cambia todo”.

Emerxe tamén, en palabras dalgunhas, un sentimento de temor polas fillas e fillos. Por un lado, polo feito de que a ex-parella lle fixese dano á filla, como no caso de **Margarita**; e, por outro lado, como no caso de **Orquídea**, medo por se contar a situación de maltrato que estaba vivindo puidera ser motivo para quitarlle os fillos:

Margarita: “Miedo por mi hija, la situación que ella vivía con su padre me ponía muchísimo miedo”.

Orquídea: “El miedo más grande era que me quitaran a mis niños”.

Xorde tamén o medo por parte dalgunhas mulleres a ser xulgadas polas persoas do seu contorno, concretamente, **Orquídea** relata:

“Yo tenía miedo a lo que la gente dijera. Es una persona maltratada, es una persona como él decía sucia, asquerosa”.

Este medo tamén afecta ás vidas das fillas e fillos das mulleres, como foi o caso da filla de **Margarita** e das fillas e do fillo de **Blanca**:

Margarita: “Aun le dieron el alta en el psicólogo hará 6 meses, [...] sigue teniendo problemas, [...] ella siempre tuvo miedo a que él me hiciera algo a mí [...], ella cogió el rol de madre: “mamá cuidate, mamá ten cuidado, mamá...”, como si yo fuera la hija”.

Blanca: “Yo creo que se volvieron más... [...] no dejan tanta confianza como hacían antes”.

Por último, as entrevistadas fan referencia ao medo de se mirar a si mesmas nun espello a causa das marcas que teñen, como mostran as palabras de **Orquídea**:

“Yo no me empecé a mirar en el espejo [...] de 4 meses para aquí [...] me daba miedo mirarme en el espejo, [...] me daba la sensación como si me mirara y aparte no solo de verme amoratada [...] para mí, mi rostro era sucio”.

ILLAMENTO

Tal e como afirman Escudero, Polo, López e Aguilar (2005), como seres sociais, os seres humanos percibimos que todo illamento ambiental implica un illamento emocional. Este illamento busca a anulación de calquera outro referente que apoie a percepción da muller vítima de violencia de xénero e que cuestione a do maltratador.

Esta categoría recolle o illamento que experimentan as participantes que a raíz das súas vivencias deixan de relacionarse co seu contorno habitual.

Todas as mulleres entrevistadas sinalan que as situacións de violencia de xénero vividas as levaron a deixar de relacionarse, de saír, perdendo o contacto con familiares ou amizades, ata illarse por completo. **Orquídea** alude a este illamento:

“Te vas apartando de la gente, cerraste tu Whatsapp, no tenías Face..., osea saliste de todo lo que tenías, estás en casa siempre encerrada [...], él me apartó de mucha gente, de mucha gente que la mitad de ella seguimos sin hablarnos”.

Respecto ao inicio deste proceso de illamento, **Panda** recolle que no seu caso xa se inicia desde as primeiras fases da relación:

“Lo que hizo ya fue desde un principio apartarme de todo [...], [...] entonces claro me vi sola, porque me aparté de todo el mundo es decir, de mis amigos, desto..., osea apartar me aparté yo porque quise, pero él hizo la forma”. “Dejé de estudiar [...], al final te das cuenta de que es porque no quiere que conozcas gente”.

Ademais atopouse o uso das fillas e dos fillos como “escusa” para manter este illamento co fin de que a muller non valore o abandono da relación. Así mesmo o refire **Panda**:

“Cuando le dije que estaba embarazada de la segunda niña la respuesta que me dio fue “bueno, non está mal, así téñote máis agarrada con dúas que con unha””.

DESMITIFICACIÓN DO AMOR ROMÁNTICO

Esta categoría fai referencia ao mito da creación ficticia do amor romántico.

Nos seus discursos as sobreviventes manifestan non se decatarse da situación de violencia, xa que o agresor desde un principio se mostra como o “seu protector”, “valorándoa” ou “coidándoa”, o que reflicte os ideais que a sociedade inculca sobre o “amor romántico”. **Panda** afirma que:

Panda: “Tú de aquella no lo ves porque lo que veía era que quería cuidarme, que no me pasara nada, que no..., que nadie me hiciera daño, pero al final lo que te hace es apartarte de todo el mundo”. “Me quería proteger, yo lo veía normal porque la otra relación que tuviera fuera también un desastre”.

Outro dos aspectos presentes nos testemuños dalgunha das mulleres é o feito de ser pertenza deles. Isto é interpretado como sinal de amor e non como sinal de control e dominio sobre a muller.

Vida: “Pero que no te enteras eh, yo por lo menos eh, o soy muy... o eres para mi o no eres para nadie me sonaba a... dios mío cuanto me quiere. Pero no me lo tomaba literalmente”.

Unha vez que se pon fin a relación é cando as sobreviventes identifican as actitudes da súas parellas como abusos, feito que recoñece **Panda:**

“Llega un momento que, una vez que dejas ya de querer a la persona ya empiezas a ver las cosas, pero, ¿sabes qué pasa? Lo tienes tan sumamente normalizado...”.

RUPTURA VITAL E SAÚDE

A saúde neste estudo enténdese como “a capacidade (ou resiliencia) de facer fronte, e manter e restaurar a integridade, equilibrio e sensación de benestar propios” (Idrovo, 2014).

Mergulladas neste proceso de violencia de xénero, as mulleres manifestan que o seu estado de saúde viuse afectado, principalmente no tocante a súa saúde mental. Así o constata **Panda:**

“Mentalmente fue un acoso y derribo totalmente [...]. En los dos últimos años fui un trapo, auténticamente un trapo hasta que me puse medianamente bien”.

Moitas das mulleres deste estudo recollen que as continuas descualificacións e desvalorizacións coas que convivían lles confluían no seu estado anímico, o que se traducía nunha perda de autoestima e nunha falta de valoración persoal. Isto é recollido por **Margarita e Panda:**

Margarita: “Te lo crees, te está bajando la autoestima y llega un momento que tú no tienes autoestima, osea te crees que no vales para nada [...], es difícil que te des cuenta de eso, [...] es como la pescadilla que se muerde la cola y de ahí no sales”.

Panda: “La autoestima me la machacó de tal manera”.

Todas sostían que os efectos das humillacións afectan máis que calquera situación de maltrato físico, concretamente **Vida** afirma:

“No te queda una secuela eh [...], al final los palos son lo de menos”

As mulleres, polo tanto, séntense atrapadas nunha cadea de preguntas sobre si mesmas que dificulta que se poidan cuestionar as situacións de violencia, por iso aparece a autoinculpación como resultado.

Panda: “Después aun me hacía a mí sentir culpable “es que... tú no me entiendes, porque yo tengo que hacer esto porque me encuentro muy solo”, ¿sabes?, aún me hacía a mí responsable de esto”.

Vida: “No se te pasa nada, ni el sentirte culpable”.

Orquídea e **Vida** destacan tamén un sentimento de culpabilidade ao decatarse de todas as consecuencias que estas situacións tiveron nas súas fillas e fillos.

Orquídea: “A mis hijos le afectó mucho a la hora del colegio también. Amigos que tenían ya no los tienen [...], los desprecian constantemente, tenían amistades de hace 6 años, esas amistades todas los dejaron de lado”.

Vida: “No quieres obcecarte a una realidad que ha sido mentir, pasarlo muy mal y enseñarle a tu hija lo peor del ser humano y no me parece justo tampoco”.

O resultado disto é a adquisición dun estado de perda de identidade e anulación. Feitos que se recollen concretamente nos testemuños de **Vida** e **Margarita**:

Vida: “Y decidí mirar pal suelo, por lo menos no te ofenden, ni te insultan. Miras pal suelo y ya está y vas adquiriendo un rol de conducta. Empiezan con pequeñeces como esa”.

Margarita: “Luego estás con gente y yo quiero meter baza en la conversación y él me decía: “pero calla que tú no sabes nada”, entonces te vas metiendo en ti misma, te vas diciendo pues sí no sabes nada, no entiendes nada. [...] Te condiciona en tu vida, no te deja ser libre”.

O impacto negativo na súa saúde está estreitamente ligado ao das súas ocupacións e viceversa. Todas as mulleres establecen que a violencia de xénero tivo e sigue tendo, a día de hoxe, repercusións nas súas ocupacións.

As ocupacións afectadas que emerxen nos seus discursos son as AVD (en concreto a alimentación e a participación social) e o descanso e o sono. Así o recollen **Panda**, **Orquídea** e **Margarita** nos seus testemuños:

Panda: “Me encontraba mal [...] se me fue el hambre, trabajaba todo el día, no dormía nada y llegó un momento que a mí hasta me estorbaban las niñas [...], entonces ahí fue cuando me di cuenta que algo iba mal, muy mal”.

Orquídea: “Yo estaba muy delgada, no comía, no dormía”.

Margarita: “Ya casi ni me preocupaba de mí, porque me daba igual lo que me pudiera pasar a mí...”.

Tamén apuntan que a ausencia ou escaseza de apoios repercútelles na súa saúde e nas súas ocupacións, como é o caso de **Panda**:

“Yo sí que viajaba [...], ahora no tengo con quien, [...] es verdad tú no puedes depender de nadie para poder vivir, tienes que depender de ti misma, pero yo no me encuentro capacitada ni me gusta por ejemplo ir a tomar un café sola, me encuentro incómoda, porque yo voy a tomar algo por la compañía, no por tomar un café. [...] Cuando quiero salir y no tengo con quien lo paso muy mal porque me veo sola y me pongo triste”.

No referente ás consecuencias desta violencia nas vidas das fillas e dos fillos, **Orquídea** destacou a repetición de condutas violentas destes, a causa das vivencias neste ambiente:

“El mayor por ejemplo está sacando como gestos, palabras, amenazas que él me las hacía a mí [...], entonces yo ahora estoy pasando con ellos ese trance, que se me rebotan, quieren pasar por encima mía”.

Todo isto vese traducido nunha ruptura vital que ten lugar na vida das mulleres e das súas fillas e fillos por unha serie de feitos traumáticos a consecuencia da violencia de xénero.

As mulleres sinalan ao longo das entrevistas que estas situacións de violencia de xénero, en palabras de **Orquídea**, “che marcan a vida”.

Orquídea: “Te dejó la vida como marcada [...], un ciclo lo tengo muy marcado”.

Cabe destacar o testemuño dunha das sobreviventes, que establece que unha vez rota a relación co maltratador segue sentíndose estraña xa que era co que estaba acostumada a vivir diariamente:

Orquídea: “Yo no veía nada normal en mi vida en ese momento, nadie me gritaba, nadie me insultaba, nadie me humillaba... era como si yo buscara la forma, ¿sabes?”.

A pesar de todo iso, algunha tamén menciona esta etapa como unha “ruptura vital” e actualmente estar experimentando vivencias positivas e novos sentimentos de liberdade e liberación, como é o caso de **Orquídea e de Margarita:**

Orquídea: “Estoy como si estuviera viviendo una luna de miel, ¿sabes? Es que todo para mí es nuevo ahora [...] y empezando pues una vida nueva que espero que termine pronto toda la tristeza y a seguir peleando como la estoy peleando”.

Margarita: “A día de hoy como digo yo soy libre, hago lo que quiero y tengo pareja, voy a donde quiero y nadie me controla nada”.

APOIO SOCIAL

Esta categoría fai referencia ao sentimento de ser apreciada e valorada por outras persoas e ao de pertencer a unha rede social. Dentro desta analízase a actitude da familia, das amigas e amigos e do resto do contorno das mulleres.

Plazaola, Ruíz, Montero e Grupo de Estudio para la Violencia de Género (2008) apuntan que “o apoio social é a axuda real por parte dos familiares, amigos, veciños, etc., tanto no plano emocional como no instrumental”.

Nesta categoría podemos distinguir dúas realidades: o contorno como apoio ou facilitador ou ben o contorno como barreira. Por iso, este é un tema no que as mulleres entrevistadas discordan.

Moitas das mulleres deste estudo perciben pasividade por parte das súas familias como é o caso de **Orquídea** e de **Rosa**. Isto pode deberse a non se querer involucrar nin entremeter nos problemas dos outros, por ter algún tipo de represalia polo agresor ou pola súa familia ou, como no caso da familia de **Rosa**, por consideralo un asunto privado de parella:

Rosa: “Apoio, sí e no, tiña a miña nai ahí, pero estaba como un pouco así no medio da situación [...] a típica mentalidad antigua que vai cambiando, entonces claro, era unha cousa como en plan, eque non te podes marchar pero tampouco podes quedar”.

Orquídea: “Mi madre sabía lo que estaba pasando [...], mi madre no tomó ni una llamada. Lo único que supo decir es: “ya es mayor de edad, sabe lo que tiene que hacer”, sus palabras, ya no tuvo más palabras para mí”.

Por outra banda, **Vida** establece que ela mesma foi advertida previamente pola súa nai:

Rosa: “Sí que o final tiven o apoio dela e mais de meu irmán pero bueno, o principio foi así un pouco de escaqueo”.

Vida: “A mí mi madre me lo dijo, cuidado que este hombre por amor mata”.

A maioría das protagonistas aluden ás súas fillas e fillos como principal soporte. Así o destaca **Orquídea**:

“Mi familia son mis hijos, no tengo a nadie más, [...] mis hijos estuvieron peleando conmigo con lo chiquitos que son estuvieron peleando conmigo día y noche, noche y día”.

En canto ás relacións con amigas e amigos, moitas comentan as súas perdas. Isto pode deberse a que nalgúns casos, como refire **Panda**, son os maltratadores quen as e os poñen na súa contra, feito que lles fai perder contacto con elas e eles:

“La gente que teníamos en común él los puso en contra, decían “si él andaba detrás mía y tenía muchos celos pues alomejor era porque tenía un motivo””.

Margarita asegura que, no seu caso, foron as propias amigas e amigos, por si sós, as e os que a culparon das situacións de violencia de xénero sufridas:

“Ya no tengo relación con ellos, [...] en el momento que yo le dije lo que pasaba, lo que hiciera me dijo que lo podía haber hecho de otra manera”.

Cabe mencionar que algunhas que non tiveron o apoio das familias ou das amigas e amigos, si o tiveron doutras persoas como as veciñas e veciños ou as propias profesoras, como é o caso de **Orquídea** e de **Luna**:

Orquídea: “Los vecinos siempre estuvieron ahí [...], más de una vez me dijeron que denunciase, que no aguantara más, que me diera igual lo que la gente decía”.

Luna: “En la primera denuncia tuve el apoyo de mis profesoras que fueron las que pusieron la denuncia”.

En canto se lles pregunta pola necesidade destes apoios establécense dous bandos. Por un lado, as que si consideraban o apoio social como unha vía de escape, como no caso **Margarita**. E por outro lado, como no caso de **Vida**, as que consideraban que non se necesitaban eses apoios xa que neses momentos estase completamente fóra da realidade:

Margarita: “Yo le decía vamos a tal sitio, yo nunca quería estar sola con él, yo siempre quería gente porque no estaba a gusto con él [...], yo buscaba escape, estar con alguien, que se me hiciera más corto el día, llegar a la noche, acostarme y volver al día siguiente”.

Vida: “No los necesitas, es que tú estás en otro mundo, es que lo difícil luego es bajar a este mundo de realidad”. “A veces digo yo si lo permití quién es el resto de la gente para meterse en el medio”.

FILLAS E FILLOS COMO AXENTES DE TRANSFORMACIÓN

Todos os testemuños das mulleres participantes coincidiron en que as fillas e fillos son os elementos principais para saír destas situacións de violencia de xénero.

Aluden que, en moitos casos, foron estas e estes os detonantes da ruptura do ciclo de violencia de xénero, é dicir, os “axentes de transformación” para recuperar o control das súas vidas. Así o relata **Margarita**:

“El detonante fue mi hija, sino yo creo que si no tengo a mi hija seguiría ahí, porque no te das cuenta de que te están maltratando, de que no tienes autoestima, yo no me daba cuenta, lo que pasa que mi hija me hace ver las cosas, me hace ver que ella no está viviendo lo que tiene que vivir, que la infancia no es la que yo quería darle”.

Esta, tamén reconece que foron a vía de escape para facer fronte á situación que estaba vivindo:

“Me apoyé mucho en mi hija, que no le faltara nada, buscándome la vida y bueno, ahí no te da tiempo en pensar cosas, yo creo que eso fue lo que me ayudó”, “[...] solo era mi hija”.

RECURSOS

Esta categoría fai referencia ao labor dos distintos axentes implicados nestes procesos de violencia, en que se inclúen xuíces e xuízas, gardas civís, psicólogas e psicólogos, médicas e médicos, servizos de atención á mulleres vítimas de violencia de xénero, entre outros.

Neste tema non existiu un consenso por parte das participantes do estudo, emerxendo con forza nuns casos a profesionalidade das e dos axentes e noutros a inadecuada atención.

Algunhas mulleres do estudo mencionan ser respectadas e guiadas adecuadamente no proceso de pedir axuda, como é o caso de **Panda**:

“La verdad que cuando fui a pedir ayuda [...] me sentí muy arropada, aparte no me sentí cuestionada, yo fui y les dije lo que pasaba y me dijeron “pues mira tienes dos opciones, depende de ti, yo denunciaría o no, pero eso depende de ti, si no vas a denunciar yo no te voy a decir que está mal hecho ni bien hecho, es tu decisión” [...], me sentí tan libre...”.

Esta mesma, xunto con **Orquídea**, manifestan tamén o trato de proximidade que mantiveron con elas os gardas civís que levaron o seus respectivos casos:

Orquídea: “La guardia civil me dijo “eres víctima de violencia de género, te va a costar asumirlo pero es así, que no te tiene que dar vergüenza, no te tienes que sentir humillada, eres una mujer, no dejas de ser mujer por ser víctima de violencia de género””.

Panda: “El guardia civil que llevaba el caso también me dio su número personal y me dijo “a la hora que sea me llamas, no hay ningún problema””.

Outras mulleres difiren disto e constatan que non recibiron atención adecuada neses momentos. Foron mesmo cuestionadas por moitas e moitos profesionais que traballan neste ámbito, o que lles xerou desconfianza no sistema, como é o caso de **Luna**. Esta puntualiza que o máis difícil foi poñer a denuncia, feito polo que foi cuestionada por parte dos encargados do seu trámite:

“El hecho de ser juzgada por gente por la que no debería de haberlo sido”.

Así mesmo, as protagonistas expoñen falta de preparación dalgunhas profesionais que traballan neste ámbito. Este é o caso de **Blanca** e **Margarita**.

Blanca menciona que unha psicóloga dun recurso de atención a vítimas e sobreviventes de violencia de xénero, despois de lle ensinar unhas mensaxes da súa ex-parella onde recoñecía as situacións de maltrato, maniféstalle:

“La psicóloga lo que me dijo [...] que como pedía perdón, que lo perdonara”.

Esta mesma, xunto con Margarita tamén apuntan inxustizas por parte de xuízas:

Blanca: “Hay cosas que no veo justas y que una jueza se ría de mí menos todavía”.

Margarita: “Mi hija no tiene relación con su padre, durante un año [...] tuvimos que ir al punto de encuentro, pero llegó un momento que mi hija no quería ir porque la estaba maltratando psicológicamente [...] yo llamé a mi abogado y dice bueno pues no la lleves pero nos va a denunciar [...], la primera vez la convenció la jueza para que volviera, para que le diera otra oportunidad”.

ESTIGMA DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE

Nesta categoría recóllese a visión da comunidade respecto ás situacións de violencia de xénero desde a percepción das protagonistas do estudo.

Segundo Aretio (2009) “o xurdimento do estigma é un fenómeno social que implica un menosprezo e unha desacreditación que supón certa deshumanización da persoa que o porta que permite condutas de discriminación cara ela, o que impide o coñecemento dunha identidade social real”.

Nos testemuños das sobreviventes aparecen comentarios por parte da veciñanza que lle restan importancia e gravidade ao asunto, o que dificulta a súa saída do ciclo de violencia de xénero.

Orquídea: “Gente que te señala por la calle, [...] te preguntan que según aguantaste ese tiempo pudiste aguantar un poco más. Te dicen también que quites la denuncia, que no denuncies, que le vamos a arruinar la vida”.

Panda: “Una vez me separé me liaron, yo no sé con todo el mundo, yo no podía hablar con nadie [...], entonces ahí ya no fue solo lo de la violencia de género, sino el pueblo en sí”.

Orquídea ademais relata que este estigma tamén lle afectou á hora de continuar no seu posto de traballo:

“Yo estuve trabajando en un puesto de trabajo y cuando se enteraron de todo lo que pasó pues no me cogieron pa trabajar, no querían problemas”.

Finalmente, foi relevante a visión que algunhas das participantes tiñan sobre a violencia de xénero. Ningunha considerábase a si mesma como vítima de violencia de xénero cando vían casos próximos nos medios de comunicación e/ou nalgunha campaña de sensibilización:

Orquídea: “Lo más difícil para mi fue aceptar que era víctima de violencia de género [...], yo lo veía por la tele, en casos y tal pero nunca piensas que te va a tocar a ti, porque es que aparte son de una manera y después al día siguiente son de otra, y claro no lo veías como lo veías retratado en la televisión”.

Vida: “Yo cuando leí violencia de género no, a mí me han partido la cara muchas veces, pero yo no sufro esto...”, “No, no, no, yo nunca he pasado eso, cuando todo un pueblo lo sabe que es lo más triste que te mientas a ti misma”.

5. DISCUSIÓN

Ante a necesidade de coñecer como afecta a violencia de xénero nas vidas das mulleres vítimas e sobreviventes de xénero nace este estudo.

Os resultados obtidos mostran que **a violencia de xénero altera a vida das sobreviventes**. Agoff (2019) manifesta que estes efectos devastadores son causa da dominación masculina. Ademais, Rubio et al. (2009) na investigación da intervención profesional con mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito da educación, establecen que os maltratadores utilizan ferramentas de abuso emocional para reforzar o seu poder e autoridade.

Ao longo dos discursos, as sobreviventes fan fincapé no illamento ao que estaban sometidas. Autoras como García (2010) afirman que “o agresor quere que a muller estea illada, sen ter a quen recorrer, sen redes onde pedir axuda”. Este illamento, segundo Olaiz, Del Río e Hajar (2004) pode favorecer a aparición da violencia pero tamén “contribuír a mantela no tempo, cando a muller se ve obrigada a deixar de lado as súas relacións”.

Escudero et al. (2005) sosteñen que este abuso nun medio de **illamento social** pode alcanzar a súa capacidade de “distorsionar o propio sistema de crenzas da vítima”. Como mostran os resultados desta investigación, as mulleres aluden aos sentimentos de vergoña e de culpa que estas situacións lles xeraban.

Agoff, Rajsbaum e Herrera (2006) no seu estudo sociolóxico sobre as perspectivas das mulleres maltratadas sobre a violencia de parella en México, defenden que “as normas sociais [...] impoñen un imperativo de sometemento á violencia que se expresa como xustificación da violencia como castigo merecido polo incumprimento do rol de xénero prescrito e/ou como tolerancia ao maltrato por aceptación dun destino natural de toda muller”. Estes resultados apoian os testemuños das mulleres entrevistadas que afirman que a sociedade (o seu contorno) as culpa desta violencia, aspecto que dificulta a súa **saída do ciclo de violencia de xénero**.

Corsi, (2010) corrobora que isto fai que as mulleres queden atrapadas no medio dun “consenso social, que lles impide ser conscientes do seus dereitos e do modo en que están sendo vulnerados”.

Este traballo salienta que as fillas e fillos foron o principal soporte, exercendo como verdadeiros **axentes de transformación** na súa saída do ciclo de violencia de xénero. Non obstante, encóntranse discrepancias nos relatos das mulleres en canto ao apoio familiar e ou social.

Nesta liña cabe destacar tamén, o silencio da maioría das mulleres deste estudo cando se atopaban inmersas no ciclo de violencia. Este aspecto pode estar condicionado pola visión da familia e da violencia como parte da esfera do privado. Segundo Ordóñez e González (2011) a familia foi considerada historicamente un ámbito privado onde o comportamento dos membros se situaba fóra do control social. Tese que tamén comparte Flecha, Puigvert e Redondo (2005) que establecen que a cultura e o contexto no que estamos inmersas é a causa disto, o cal nos ensina que moitas veces o amor vai ligado a un sufrimento, dependencia, submisión e celos, entre outras.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, constitúe un punto de inflexión e recolle que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, por iso recolle medidas de intervención no ámbito sanitario, policial, educativo e xurídico para garantir unha efectiva asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero (BOE, 2004). Estas medidas foron constatadas por algunhas mulleres do estudo, mentres que outras referiron ser cuestionadas polo persoal público que traballa neste ámbito. Corsi (2010) tamén encontra discrepancias coa Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, e establece así que “as institucións contribúen a naturalizar a violencia”, o que ten como resultado a percepción da violencia como un modo normalizado de resolver conflitos interpersoais.

O estudo realizado por Javaherian et al. (2009), sinala que esta violencia provoca nas mulleres alteracións no desempeño das AVD, na xestión do fogar, na participación social, na área de descanso e sono e tamén na área do traballo e da educación. Neste senso, as participantes concordan en que a violencia de xénero provoca unha “ruptura vital”, afectando así a súa participación na comunidade e, por conseguinte, a súa saúde.

Outras investigacións tamén amosaron o impacto desta violencia nas vidas das fillas e fillos das mulleres sobreviventes. Concretamente Ordóñez e González, (2011) recolle, que a familia é o primeiro axente socializador das nenas e dos nenos, sendo o determinante máis importante á hora da instauración de modelos do funcionamento social. Isto ten relación cos discursos das participantes, xa que algunha destacou que como consecuencia da exposición a este tipo de violencia no ámbito familiar, os seus fillos estaban mostrando condutas de tipo violento cara elas mesmas e cara outras persoas do seu contorno.

Esta investigación tamén salienta a **educación** como un factor nuclear para favorecer a equidade de xénero, como así o destacan Ordóñez e González, (2011). Estes consideran necesaria a sensibilización das e dos profesionais que están en contacto coas fillas e cos fillos, para que as consecuencias da violencia non afecte nas súas vidas.

Pode considerarse a TO como unha profesión para a promoción da saúde e da participación nas ocupacións das sobreviventes e das súas fillas e dos seus fillos, así o expoñen estudos previos como o de Javaherian et al. (2015). Estes consideran que as e os terapeutas ocupacionais traballan como axentes de saúde, recoñecendo as **necesidades ocupacionais** das sobreviventes de violencia de xénero e colaborando con elas e coas súas fillas e cos seus fillos na comunidade para “reconstruír as súas vidas”.

Tamén na investigación de Testa e Spampinato (2010) propoñen incluír a figura da e do terapeuta ocupacional na perspectiva de xénero cada vez que se establezan intervencións. Javaherian, Underwood e DeLany (2007) consideran que estas e estes profesionais poden traballar con mulleres sobreviventes e familiares que sufran consecuencias desta violencia, centrándose en mellorar as súas habilidades para participar nas ocupacións co fin de tomar o control das súas vidas.

Este empoderamento, segundo Testa e Spampinato (2010) vese como “un factor clave na equidade de xénero”. En palabras da Missouri Coalition Against Domestic Violence (2007) “o empoderamento bríndalle á sobrevivente de violencia de xénero a oportunidade de verse a si mesma como unha sobrevivente forte que pode participar activamente nunha vida segura e independente”.

En canto as limitacións do estudo remárcanse, as similitudes das participantes con respecto á tipoloxía de violencia de xénero. A excepción dunha, o resto son sobreviventes de violencia xerada por parte das súas ex-parellas. Esta limitación pode modificar a variabilidade de resultados obtidos.

Cabe destacar tamén o carácter especialmente vulnerable da poboación, o cal pode dificultar o acceso a mesma.

Inicialmente o feito de que as mulleres sexan seleccionadas desde un recurso municipal pode parecer tamén unha limitación, pero este recurso acolle mulleres de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo polo tanto diversas variables, como o ámbito rural e urbano.

A pesar de certas limitacións, esta investigación contribúe a aumentar os estudos desde TO no enfoque de violencia de xénero.

Como futuras liñas de investigación, poderíase reproducir este mesmo traballo se se levan a cabo observacións nos contornos máis próximos das mulleres e se utiliza ademais, unha metodoloxía cuantitativa, con algunha ferramenta que poida medir a súa calidade de vida e o seu desempeño ocupacional.

6. CONCLUSIÓNS

Na actualidade a violencia de xénero continúa sendo un problema de magnitude universal e transversal. Atopámonos baixo o eixo dun sistema patriarcal que determina o papel da muller e do home na sociedade. As consecuencias desta violencia son numerosas, podendo acabar no asasinato de moitas das mulleres que sofren esta lacra.

Os resultados deste traballo de investigación mostran que **a violencia de xénero impacta de xeito destrutivo nas vidas das mulleres** sobreviventes e nas das súas fillas e nas dos seus fillos, xerando un desequilibrio ocupacional que afecta directamente ao seu estado de saúde.

As ocupacións das mulleres vense comprometidas, supoñendo este proceso de violencia unha importante **ruptura vital** que impide que as mulleres participen activamente na súa comunidade, saíndo a rúa ou mesmo accedendo a un emprego.

As **redes de apoio** son esenciais para a vida de calquera persoa e máis concretamente para as sobreviventes. Moitas encóntranse illadas tras vivir o proceso de violencia, en moitos casos reforzada polas persoas do seu **contorno familiar e social**. Esta violencia ten como causa as liñas marcadas do sistema patriarcal que tende a culpabilizar á muller do sucedido, sumado á consideración social de que se trata dun problema de índole privado.

Coñecer a voz das sobreviventes foi fundamental para observar como se altera a súa participación na comunidade tras estas situacións de maltrato, e tamén, para reflexionar sobre o papel das e dos profesionais que traballan neste ámbito afondando nas súas necesidades ocupacionais e repercusións sobre a saúde.

O papel das e dos terapeutas ocupacionais ofrecen a posibilidade de **empoderar ás mulleres** para mellorar o seu desempeño ocupacional desde unha práctica baseada nos dereitos humanos, fomentando así unha **cidadanía participativa**.

7. AGRADECEMENTOS

Este traballo vai dedicado a **todas as sobreviventes** que formaron parte desta investigación, especialmente a unha delas por ensinarme tanto. Este traballo non sería posible sen vos.

Unha mención especial para as miñas **titoras Nereida e Natalia** que apoiaron este traballo desde o primeiro momento e me deron non só as pautas para levalo a cabo, senón tamén, as pautas para converterme nunha boa profesional.

Grazas tamén a **miña nai** e a **meu pai** por educarme sempre desde a liberdade e o respecto.

E non me esquezo de **ti**, por axudarme tanto, pola túa paciencia e por ser tamén a principal fonte de desconexión.

A **Estrella e María Jesús**, que non vos deixaron vivir e fostes vítimas mortais da violencia de xénero na miña comunidade mentres estaba a desenvolver este traballo.

Agradecer por último ao **movemento feminista**, porque sen el estou segura que este traballo non sería presentado.

A todas aquelas sobreviventes, **A LOITA CONTINÚA.**

“Soy libre, como deberíamos ser todas”.

(Margarita)

8. BIBLIOGRAFÍA

Agoff, C. (2019). Entrevistas narrativas y grupos de discusión en el estudio de la violencia de pareja. *Estudios Sociológicos XXXVII*, 110, 309-338. doi: 10.24201/ES.2019V37N110.1636

Agoff, C., Rajsbaum, A. e Herrera, C. (2006). Perspectivas de las mujeres maltratadas sobre la violencia de pareja en México. *Salud Pública de México*, 48, 307-314. Recuperado de http://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0036-36342006000800011

Aretio, A. (2009). Una mirada social al estigma de la enfermedad mental. *Cuadernos de Trabajo Social*, 23, 289-300. Recuperado de <https://revistas.ucm.es/index.php/CUTS/article/view/CUTS1010110289A>

Arias, M. (2000). La triangulación metodológica: sus principios, alcances y limitaciones. *Investigación y Educación en Enfermería*, 18(1), 13-26. Recuperado de <http://www.redalyc.org/pdf/1052/105218294001.pdf>

Astelarra, J. (coord.). (2004). Políticas de género en la Unión Europea y algunos apuntes sobre América Latina. *Serie Mujer y Desarrollo*, (57). Recuperado de https://repositorio.cepal.org/bitstream/handle/11362/5928/S046520_es.pdf?sequence=1&isAllowed=y

Bonilla, E. e Rodríguez, P. (1997). *Más allá del dilema de los métodos*. Bogotá: Uniandes-Norma.

Cage, A. (2007). Occupational Therapy with women and children survivors of domestic violence: are we fulfilling our activist heritage? A review of the literature. *British Journal of Occupational Therapy*, 70(5), 192-198. doi: 10.1177/030802260707000503

Carlson, B. E. (1997). A stress and coping approach to intervention with abused women. *Family Relations: An Interdisciplinary Journal of Applied Family Studies*, 46(3), 291-298. doi: 10.2307/585127

Carpiano, R.M. (2002). Long roads and tall mountains: The impact of motherhood on the recovery and health of domestic abuse survivors. *Health Care for Women International*, 23(5), 442-449. doi:10.1080/073993302760190047

Corsi, J. (2010). *La violencia hacia las mujeres como problema social. Análisis de las consecuencias y de los factores de riesgo*. Bilbao: Fundación Mujeres. Recuperado de http://www.berdingune.euskadi.eus/u89-congizon/es/contenidos/informacion/material/es_gizonduz/adjuntos/laviolenciahacialasmujerescomoproblemasocial.pdf

D'Ardenne, P. e Balakrishna, J. (2001). Domestic violence and intimacy: What the relationship therapist needs to know. *Sexual and Relationship Therapy*, 16(3), 229-246. doi: 10.1080/14681990123489

Denzin, N. K. e Lincoln, Y. (2012). *Manual de investigación cualitativa*. Barcelona: Gedisa.

Escudero, A., Polo, C., López, M. e Aguilar, L. (2005). La persuasión coercitiva, modelo explicativo del mantenimiento de las mujeres en una situación de violencia de género. I: Las estrategias de la violencia. *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría*, 25(95), 85-117. Recuperado de <http://documentacion.aen.es/pdf/revista-aen/2005/revista-95/la-persuasion-coercitiva-modelo-explicativo-de-mantenimiento-de-las-mujeres-en-una-situacion-de-violencia-de-genero.pdf>

Flecha, A., Puigvert, L. e Redondo, G. (2005). Socialización preventiva de la violencia de género. *Feminismo/s*, 6, 107-120. Recuperado de https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/3184/1/Feminismos_6_08.pdf

Flick, U. (2004). *Introducción a la investigación cualitativa*. Madrid: Morata.

García, A. (2010). *La violencia contra las mujeres en la pareja. Claves de análisis y de interpretación*. Madrid: Universidad Pontificia Comillas.

Giménez, C. (2002). La dinamización comunitaria en el ámbito de la inmigración. Apuntes y propuestas sobre participación, mediación y codesarrollo. En M.J. Rubio e S. Monteros (coords), *La exclusión social: Teoría y práctica de la intervención* (pp.99-128). Madrid: CCS.

Gleason, W.J. (1993). Mental disorders in battered women: An empirical study. *Violence and Victims*, 8(1), 53-68. Recuperado de <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/8292565>

Gorde, M. W., Helfrich, C.A., e Finlayson, M.L. (2004). Trauma symptoms and life skill needs of domestic violence victims. *Journal of Interpersonal Violence*, 19(6), 691-708. doi: 10.1177/0886260504263871

Helfrich, C.A. e Aviles, A. (2001). Occupational therapy's role with victims of domestic violence. *Occupational Therapy in Mental Health*, 16(3-4), 53-70. doi: 10.1300/j004v16n03_04

Hobfoll, S.E. (1986). The ecology of stress and social support among women. En S.E. Hobfoll (Ed.), *The series in clinical and community psychology. Stress, social support, and women* (pp. 3-14). Washington, DC: Hemisphere Publishing Corp.

Idrovo, A. J. (2014). Asumiendo el concepto de salud. *Revista Salud UIS*, 46(3), 219. Recuperado de <https://revistas.uis.edu.co/index.php/revistasaluduis/article/view/4494/4753>

Javaherian, H., Krabacher, V., Adriacco, K., e German, D. (2009). Surviving domestic violence: rebuilding one's life. *Occupational Therapy In Health Care*, 21(3), 35-59. doi: 10.1080/j003v21n03_03

Javaherian, H., Krpalek, D., Huecker, E., Hewitt, L., Cabrera, M., Brown, C., Francis, J., Rogers, K., Server, S. (2015). Occupational needs and goals of survivors of domestic violence. *Occupational Therapy In Health Care*, 30(2), 175-186. doi:10.3109/07380577

Javaherian, H., Underwood, R. e DeLany, J. (2007). Occupational therapy services for individuals who have experienced domestic violence (statement). *American Journal of Occupational Therapy*, 61, 704-709. doi: 10.5014/ajot.61.6.704

Kvale, S. (2011). *Las entrevistas en investigación cualitativa*. Madrid: Morata.

Lamas, M. (comp.). (2013). *El Género. La construcción cultural de la diferencia sexual*. México: Puegporrúa. Recuperado de <http://repositorio.ciem.ucr.ac.cr/bitstream/123456789/154/1/RCIEM135.pdf>

Larrain, S. (1994). *La violencia puertas adentro: La mujer golpeada*. Santiago: Universitaria.

Lei 11/2007, do 27 de xullo de 2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Diario Oficial de Galicia, 226, do 07 de agosto do 2007. Recuperado de <https://www.boe.es/boe/dias/2007/09/20/pdfs/A38298-38309.pdf>

Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Suplemento galego do Boletín Oficial do Estado, 1, do 1 de xaneiro de 2005. Recuperado de https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2005/01/01/pdfs/A00172-00202.pdf

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega ao 294, do 06 de decembro do 2018. Recuperado de https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2018/12/06/pdfs/BOE-A-2018-16673-G.pdf

Levendosky, A. A. e Graham-Bermann, S.A. (2001). Parenting in battered women: The effects of domestic violence on women and their children. *Journal of Family Violence*, 16(2), 171-192. doi:10.1023/a:1011111003373

López, J. (2016). El síndrome de la mujer maltratada y su relación con las emociones y los procesos educativos de sus hijos. (Tese de doutoramento inédita). *Psicología Evolutiva y de la Educación. Universidad de León*. Recuperado de <https://buleria.unileon.es/bitstream/handle/10612/71110/Tesis%20Josefina%20L%C3%B3pez%20Curbelo.pdf?sequence=1>

Mallimaci, F. e Giménez, V. (2006). Historia de vida y método biográfico. En Vasilachis de Gialdino (coord.), *Estrategias de investigación cualitativa* (pp.175-212). Barcelona: Gedisa.

Martínez, P.C (2006). El método de estudio de caso. Estrategia metodológica de la investigación científica. *Pensamiento y Gestión*, (20), 165-193.

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2019). Estadísticas, encuestas, estudios e investigaciones. Madrid. Recuperado o 11 de xuño de 2019 de <http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/violenciaEnCifras/home.htm>

Missouri coalition against domestic violence. (2007). *Understanding the nature and dynamics of domestic violence*. Recuperado o 3 de marzo de 2019 de <https://www.mocadsv.org/FileStream.aspx?FileID=2>

Monistrol, O. (2007). El trabajo de campo en investigación cualitativa (I). *Nure investigación*, 28. Recuperado de <http://www.nureinvestigacion.es/OJS/index.php/nure/article/view/339/329>

Mullen, P., Martin, J., Anderson, J., Romans, S. e Herbison, G. (1993). Childhood sexual abuse and mental health in adult life. *British Journal of Psychiatry*, 163(06), 721-732. doi: 10.1192/bjp.163.6.721

Murphy, S., Risley-Curtiss, C. e Gerdes, K. (2004). American Indian women and domestic violence. *Journal of Human Behavior in the Social Environment*, 7(3-4), 159-181. doi: 10.1300/J137v07n03_10

Nurius, P.S., Macy, R. J., Bhuyan, R., Holt, V.L., Kernic, M. A. e Rivara, F. P. (2003). Contextualizing depression and physical functioning in battered women. *Journal of Interpersonal Violence*, 18(12), 1411-1431. doi: 10.1177/0886260503258033

Olaiz, G., Del Río, A. e Hajar, M. (2004). *Violencia contra las mujeres. Un reto para la salud pública en México*. Morelos: Instituto Nacional de Salud Pública.

Ordóñez, M. e González, P. (2011). Las víctimas invisibles de la violencia de género. *Revista Clínica Médica Familiar*, 5(1), 30-36. Recuperado de <http://scielo.isciii.es/pdf/albacete/v5n1/especial2.pdf>

Organización Mundial de la Salud. (1986). *Carta de Ottawa para la promoción de la salud*. Ottawa: OMS.

Organización de Naciones Unidas. (2015). *Objetivos de desarrollo sostenible*. Recuperado o 20 de febrero de 2019, de <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>

Organización de Naciones Unidas, Asamblea General. (1993) “Declaración sobre la eliminación de la violencia contra la mujer” A/RES/48/104 (20 de diciembre de 1993). Recuperado de http://www.aulaviolenciadegeneroenlocal.es/consejosescolares/archivos/declaracion_sobre_la_eliminacion_de_la_violencia_contra_la_mujer.pdf

Plazaola, J., Ruiz, I., Montero M.I. e Grupo de Estudio para la Violencia de Género. (2008). Apoyo social como factor protector frente a la violencia contra la mujer en la pareja. *Gac Sanit.* 22(6), 527-33. Recuperado de <http://scielo.isciii.es/pdf/gv22n6/original3.pdf>

Rico, N. (1996). Violencia de género: un problema de derechos humanos, CEPAL. *Serie mujer y desarrollo*, 16, 7-18. Recuperado de <https://www.cepal.org/mujer/noticias/paginas/3/27403/violenciadegenero.pdf>

Rubio, A., Gil, J.M., Paz, J.I., Peralta, E., Alonso, C. e Gila, P. (2009). *Intervención profesional con mujeres víctimas de violencia de género en el ámbito de la educación*. Dirección General de Violencia de Género. Consejería de Igualdad y Bienestar Social: Junta de Andalucía. Recuperado de https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/MODULO_2_Intervencion_profesional_con_mujeres_victimas_de_violencia_de_genero_en_el_AMBITO_EDUCATIVO.pdf

Simó, S. e Urbanowski, R. (2006). El modelo canadiense del desempeño ocupacional I. *Revista Gallega de Terapia Ocupacional TOG*, (3), 1-27. Recuperado de <http://www.revistatog.com/num3/expertol.htm>

Simons, H. (2011). *El estudio de caso: Teoría y práctica*. Madrid: Morata.

Stake, R. E. (1998). *Investigación con estudio de casos*. Madrid: Morata.

Stark, E. e Flitcraft, A. (1996). *Women at Risk, Domestic Violence and Women's Health*. Londres: SAGE.

Testa, D. e Spampinato, S. (2010). Género, salud mental y Terapia Ocupacional: algunas reflexiones sobre la influencia de la historia de las mujeres y la perspectiva de género en nuestras prácticas. *Revista de Terapia Ocupacional da Universidade de São Paulo*, 21(2), 174-181. Recuperado de <http://www.revistas.usp.br/rto/article/view/14101/15919>

Townsend, E. e Wilcock, A.A. (2004). Occupational justice and client-centred practice: A dialogue in progress. *Canadian Journal of Occupational Therapy*, 71(2), 75-87. doi: 10.1177/000841740407100203

Twinley R. e Addidle, G. (2012). Considering violence: the dark side of occupation. *British Journal of Occupational Therapy*, 75(4), 202-204. doi:10.4276/030802212X13336366278257

Waldrop, A. E. e Resick, P. A. (2004). Coping among adult female victims of domestic violence. *Journal of Family Violence*, 19(5), 291-302. doi: 10.1023/b:jofv.0000042079.91846.68

Walker, L. (2012). *El síndrome de la mujer maltratada*. Bilbao: Desclée de Brouwer.

Wilding, C., e Whiteford, G. (2005). Phenomenological research: An exploration of conceptual theoretical, and practical issues. *Occupational Therapy Journal of Rehabilitation: Occupation, Participation and Health*, 25(3), 98-104. Recuperado de https://www.academia.edu/22571106/Phenomenological_research_an_exploration_of_conceptual_theoretical_and_practical_issues

World Federation of Occupational Therapists (WFOT). (2015). Definición de Terapia Ocupacional. *World Federation of Occupational Therapists Bulletin*, 71(1), 18-48. doi: 10.1179/1447382815Z.00000000011

World Federation of Occupational Therapists (WFOT). (2016). Code of Ethics. Recuperado de <https://www.wfot.org/resources/code-of-ethics>

APÉNDICES

APÉNDICE I: Carta de presentación da investigación ao recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero

Dirixido ao: Recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero.

De parte de: Uxía Sar López, alumna de 4º curso do grao en Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.

Asunto: Solicitud de colaboración co estudo de investigación.

Estimadas e estimados membros do recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero:

Eu, Uxía Sar López con DNI, diríxome a vostedes por causa dun traballo de investigación que pertence ao Traballo de Fin de Grao titorizado pola terapeuta ocupacional e profesora do grao Nereida Canosa Domínguez e pola terapeuta ocupacional e directora deste centro Natalia Vázquez Pita.

Achégase a continuación a información referente ao estudo de investigación.

Unha vez revisada, solicito a súa aceptación para desenvolver este estudo: "*Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade*".

En caso de precisar calquera aclaración poden poñerse en contacto comigo a través do correo electrónico ou do número de teléfono

Grazas pola súa atención.

Uxía Sar López

A Coruña, 23 febreiro de 2019

APÉNDICE II: Aceptación de colaboración co estudo de investigación desde o recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero

A/A:

Uxía Sar López, alumna de 4º curso do grao en Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.

Desde:

Recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero.

Asunto:

Aceptación da solicitude de colaboración co estudo de investigación.

Desde este recurso de atención a vítimas e sobreviventes da violencia de xénero facemos constar que se nos informou do estudo que pretende levar a cabo Uxía Sar López sobre “*Vivencias das mulleres sobreviventes da Violencia de Xénero. Participación na comunidade*”. Temos coñecemento do protocolo e dos obxectivos do estudo e desta maneira aceptamos colaborar nel.

Os datos que se obteñan no marco da investigación manexaranse preservando estritamente a confidencialidade das participantes de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Directora:

A Coruña, 16 de marzo de 2019

APÉNDICE III: Guión da entrevista ás participantes

- ❖ **Como te encontras? Pódesme contar como é o teu día a día? Realizas algunha actividade no teu tempo libre? No caso de que sexa afirmativo, poderíasme dicir cal ou cales, con que frecuencia as fas e con quen?**

- ❖ **Poderíasme dicir canto tempo hai que transcorreron as situacións de violencia de xénero?**

- ❖ **Como foi o proceso que seguiches para cambiar esa situación? Que foi o máis difícil para ti? Tiñas algún tipo de apoio neses momentos? Cal ou cales? E na actualidade?**

- ❖ **Consideras que esas situacións teñen ou tiveron consecuencias na túa vida diaria? No caso de que sexa afirmativo, poderíasme relatar cales?**

APÉNDICE IV: Folla de información ás participantes

Título: “*Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade*”.

Investigadora: Uxía Sar López, estudante de 4º ano do grao en Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña

Titoras responsables:

- Nereida Canosa Domínguez
- Natalia Vázquez Pita

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un estudo de investigación en que está invitada a participar.

Este estudo forma parte da materia Traballo de Fin de Grao da titulación de grao en Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.

Se decide participar nel, debe recibir información personalizada da investigadora, ler antes este documento e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre este. Se así o desexa, pode levar o documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se participar ou non.

A participación neste estudo é completamente voluntaria. Vostede pode decidir non participar e, se acepta facelo, conta coa posibilidade de abandonar a participación no estudo en calquera momento sen obriga de dar explicación e sen que esta decisión teña ningunha repercusión.

Cal é o propósito do estudo?

O obxectivo deste estudo é coñecer como inflúe o contacto coa violencia de xénero nas vivencias das mulleres e máis concretamente na participación na comunidade.

A razón pola que se precisa da súa participación é que, coñecer isto da voz das protagonistas, posibilita futuras intervencións centradas nas súas necesidades reais.

En que consiste a súa participación?

A súa participación consistirá na realización dunha entrevista semiestruturada e individual coa investigadora na cal se formularán preguntas referentes a como influíu o contacto coa violencia de xénero no seu día a día.

A entrevista terá lugar nun sitio que permita o respecto ás garantías de confidencialidade.

Posteriormente, realizarase unha transcripción gardando o anonimato e a confidencialidade dos datos obtidos.

Pode existir a posibilidade de contactar coas participantes máis tarde para aclarar información recompilada ou para obter novos datos.

Asociarase a cada participante un código recoñecido unicamente pola investigadora e polas titoras correspondentes. A investigadora principal será a responsable de custodiar as gravacións e destruílas ao finalizar o estudo.

A información obtida, en caso de ser publicada en revistas científicas de Terapia Ocupacional, gardará a identidade e a confidencialidade das persoas participantes.

Ao finalizar o estudo, se vostede así o desexa, facilitaránselle os resultados deste.

Existen riscos ou inconvenientes?

Os posibles riscos deste estudo son que o feito de recordar vivencias violentas, delicadas e íntimas podan causar un impacto emocional sobre vostede.

Obterei algún beneficio pola participación?

Non se obterá ningún beneficio de forma directa ou indirecta por participar no estudo.

No entanto, os beneficios esperados son coñecer máis sobre o proceso estudado para poder abrir novos campos de actuación desde a Terapia Ocupacional e ofrecer máis recursos ás vítimas e sobreviventes de violencia de xénero.

Recibirei información que se obteña no estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados obtidos no estudo.

En caso de querer ampliar a información, será necesario poñerse en contacto coa investigadora.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados obtidos remitiranse a publicacións científicas para a súa difusión. Non se transmitirá ningún dato que poida levar a identificar as participantes.

Como se protexerá a confidencialidade dos datos?

O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En todo momento vostede poderá acceder aos seus datos, corríxilos ou eliminalos, para o cal unicamente terá que llo solicitar á investigadora principal. Só o equipo investigador terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo.

Os seus datos serán recollidos e conservados ata rematar o estudo, de maneira codificada. É dicir, contarán cun código co que o equipo investigador recoñecerá a quen pertencen.

Existen intereses económicos no presente estudo?

A investigadora non recibirá ningunha retribución específica pola realización do estudo. Vostede tampouco será retribuída por participar.

Contacto coa investigadora:

Se necesitase máis información referente a este estudo, ao consentimento informado ou á entrevista pódese comunicar coa investigadora a través do correo electrónicoou no teléfono cando considere necesario.

Moitas grazas pola súa colaboración.

APÉNDICE V: Consentimento informado

Participación no estudo de investigación

Título: “***Vivencias das mulleres sobreviventes da violencia de xénero. Participación na comunidade***”.

Eu

Respecto a recompilación de información:

- Recibín información suficiente mediante a folla de información ás participantes que me entregou Uxía Sar López, comprendín as explicación facilitadas sobre o estudo e puiden consultar con ela as dúbidas que me xurdiron.
- Comprendo que a miña participación é totalmente voluntaria e que me podo retirar, cando así o considere, en calquera momento.
- Accedo a que se utilicen os datos obtidos e presto a miña conformidade para participar no estudo.
- Accedo a que se grave a entrevista en audio para a posterior transcripción.

Respecto a futuros datos:

- Si accedo a que se utilicen os meus datos en futuros estudos.
- Non accedo a que se utilicen os meus datos en futuros estudos.

Grazas pola súa colaboración.

....., de de 20.....

(sinatura)

(sinatura)

A participante

A investigadora

APÉNDICE VI: Listado de abreviaturas

AVD Actividades da Vida Diaria

BOE Boletín Oficial do Estado

CEPAL Comisión Económica para América Latina y el Caribe

ODS Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

OMS Organización Mundial da Saúde

ONU Organización de Nacións Unidas

RAI Renda Activa de Inserción

TO Terapia Ocupacional

WFOT World Federation of Occupational Therapist